

Resolución do procedemento de inscrición do monte Santa Juliana no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas

Antecedentes

1. O 18/09/2020 o representante da sociedade Sofor Santa Juliana,, titular do monte Santa Juliana, solicitou o inicio do procedemento de inscrición do dito monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 6 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas
2. O 08/03/2021 o Servizo de Montes de Lugo informou favorablemente a solicitude.
3. O día 30/03/2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública os procedementos de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas dun monte situado na provincia de Lugo, o monte de Santa Juliana.
4. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións
5. Instruído o procedemento, prescínlese do trámite de audiencia, segundo o estipulado no apartado 4 do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
6. O 16/11/2021 o xefe do Servizo de Montes de Lugo formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte Santa Juliana no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal



correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO**:

1. Que se inscriba o monte Santa Juliana no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Nome do monte: Santa Juliana (A Fonsagrada, Lugo)

Titular: Sofor monte de Santa Juliana S.L.

Superficie a inscribir: Tres coutos redondos de 45,6939 ha en total:

- 1º de 19,7495 ha, que presenta unha idade media de 40 anos e unha fracción de cabida cuberta superior ao 50%, ocupado por *Castanea sativa*, *Betula sp.* e *Quercus robur*;
- 2º de 7,9598 ha, que presenta unha idade media de 60 anos e unha fracción de cabida cuberta superior ao 50%, ocupado por *Castanea sativa*;
- 3º de 17,9846 ha, que presenta unha idade media de 20 anos e unha fracción de cabida cuberta superior ao 50%, ocupado por *Castanea sativa*, *Betula sp.*, *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte, coa indicación de que, previamente á inscrición da masa no Rexistro, deberá presentar o **xustificante de ter realizado o pagamento da taxa por primeira inscrición rexistro oficial** (código da taxa de inscrición en rexistros oficiais 300200).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)

